

*Resolución conxunta do 26 de novembro de 2010, do Instituto Galego de Consumo e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se publica a concesión de premios ás memorias dos proxectos de educación para o consumo na escola, desenvolvidos no marco da Rede de educación para o consumo responsable: Galicons-net e para seleccionar novos proxectos presentados por centros educativos de niveis non universitarios, que desexen incorporarse ou continuar na citada rede, convocados pola Resolución conxunta do 20 de setembro de 2010 (Diario Oficial de Galicia número 186, do 27 de setembro).*

Por resolución conxunta do 20 de setembro de 2010 (DOG nº 186, do 27 de setembro), o Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocaron un concurso para premiar as mellores memorias dos proxectos de educación para o consumo na escola, desenvolvidos dentro do marco da Rede de educación para o consumo responsable: Galicons-net, e para seleccionar novos proxectos presentados por centros educativos de niveis non universitarios, que desexen incorporarse ou continuar na citada rede.

Vista a proposta do xurado, efectuada segundo o disposto no artigo 8º da Resolución conxunta do 20 de setembro de 2010,

#### RESOLVEMOS:

Facer pública a concesión dos premios ás mellores memorias presentadas conforme a resolución conxunta do 20 de setembro de 2010 e a selección dos novos proxectos que se relacionan no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2010.

María Nava Castro Domínguez Presidenta do Instituto Galego de Consumo	Jesús Vázquez Abad Conselleiro de Educación e de Ordenación Universitaria
---	---

#### ANEXO

Os proxectos premiados nesta convocatoria son os seguintes:

1. Colexio Abrente.  
Localidade: Portonovo-Sanxenxo (Pontevedra).  
Título do proxecto: O noso viño.  
Coordinador: Manuel Domínguez Vila.  
Contía do premio: 3.200 euros.
2. CEIP Bergantiños.  
Localidade: Carballo (A Coruña).  
Título do proxecto: Casas de aquí e acolá.  
Coordinadora: Matilde Vilas Esmorís.  
Contía do premio: 3.600 euros.
3. IES Carlos Casares.  
Localidade: Viana do Bolo (Ourense).

Título do proxecto: Comercio tradicional e xénero en Viana do Bolo e Bermejo (Bolivia): dous mundos e dous xeitos de consumo.

Coordinador: Carlos Ferreiro González.  
Contía do premio: 3.600 euros.

4. CEIP Domaio.  
Localidade: Moaña (Pontevedra).  
Título do proxecto: Onde vai o meu peto.  
Coordinadora: M<sup>a</sup> Ángeles Toucedo Rey.  
Contía do premio: 2.700 euros.

5. CEIP Froebel.  
Localidade: Pontevedra.  
Título do proxecto: Compra solidaria.  
Coordinadora: M<sup>a</sup> Teresa Couto Nogueira.  
Contía do premio: 3.600 euros.

6. IES Laxeiro.  
Localidade: Lalín (Pontevedra).  
Título do proxecto: Consumo, xénero e igualdade.  
Coordinadora: Ester González Martínez.  
Contía do premio: 2.700 euros.

7. CEIP Lourido.  
Localidade: Poio (Pontevedra).  
Título do proxecto: Coñecer e comprender para mellor consumir.  
Coordinador: Manuel V. Fontán Teso.  
Contía do premio: 3.600 euros.

8. CEIP Santa Rita.  
Localidade: Galdo (Lugo).  
Título do proxecto: Consumimos produtos dos nosos montes: herbas e cogomelos.  
Coordinador: José Rodríguez Costa.  
Contía do premio: 3.200 euros.

9. CEIP Santo Estevo.  
Localidade: Parga (Lugo).  
Título do proxecto: A auga das nosas vidas.  
Coordinador: Manuel P. Vizcaíno Díaz.  
Contía do premio: 3.200 euros.

10. CEIP San Xoán de Filgueira.  
Localidade: Ferrol (A Coruña).  
Título do proxecto: Aforramos ou afogamos.  
Coordinador: Cesar A. Pita Carretero.  
Contía do premio: 3.200 euros.

11. EEE Terra de Ferrol.  
Localidade: Ferrol (A Coruña).  
Título do proxecto: Consumir implica reciclar: non o esquezas.  
Coordinadora: M<sup>a</sup> del Carmen Rodríguez Beceiro.  
Contía do premio: 2.700 euros.

12. EEI Verducido.  
Localidade: Verducido (Pontevedra).  
Título do proxecto: Hábitos de ocio: xogos e xoguetes.  
Coordinadora: Raquel Mera Dios.  
Contía do premio: 2.700 euros.

De acordo co establecido no artigo sétimo da citada resolución conxunta, o xurado decide seleccionar os proxectos trienais presentados polos centros que se relacionan a seguir, que desexan integrarse na

Rede de educación para o consumo responsable: Galicons-net, ou inician un novo proxecto trienal coas peculiaridades que se indican:

Proxecto: Consumo a través dos xogos e xoguetes.

Centro: CPR concertado Andaina.

Localidade: Culleredo (A Coruña).

Coordinador: Xan Carlos Martínez Montes.

Observación: require adaptación.

Proxecto: Knsumorspnstable.com.

Centro: CEIP Froebel.

Localidade: Pontevedra.

Coordinadora: M<sup>a</sup> Teresa Couto Nogueira.

Proxecto: A publicidade, unha linguaxe iconográfica.

Centro: IES Maximino Romero de Lema.

Localidade: Baio-Zas (A Coruña).

Coordinador: Alejo Figueroa Soto.

Proxecto: Xogamos coa enerxía.

Centro: CEIP Santo Estevo de Parga.

Localidade: Parga (Lugo).

Coordinadora: M<sup>a</sup> Elvira Gómez Rodríguez.

*Resolución do 16 de decembro de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas as listas provisionais de solicitudes aceptadas, de solicitudes excluídas e pendentes de emenda, presentadas ao abeiro da Resolución do 18 de outubro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas.*

De conformidade co disposto na Resolución do 18 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos e agrupacións deportivas escolares de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas (DOG nº 203, do 21 de outubro), recibidas as solicitudes nos correspondentes servizos provinciais de deportes, e rematada a fase de revisión da documentación achegada e de comprobación do grao de cumprimento dos requisitos establecidos na devandita resolución, a Secretaría Xeral para o Deporte

#### RESOLVE:

Primeiro.-Publicar a lista provisional de solicitudes aceptadas. Tal relación recóllese no anexo I desta resolución ordenada por nome da entidade.

Segundo.-Publicar a lista provisional de solicitudes que se deberán emendar por presentar a documentación incompleta. Tal relación recóllese no anexo II desta resolución ordenada por nome da entidade.

Terceiro.-Publicar a lista provisional de solicitudes excluídas e o motivo da exclusión. Tal relación recóllese no anexo III desta resolución, ordenada por nome da entidade.

Cuarto.-Estas listas expóranse nos taboleiros de anuncios dos servizos provinciais e da Secretaría Xeral para o Deporte, así como na páxina web [www.deportegalego.es](http://www.deportegalego.es).

Quinto.-Os interesados poderán formular reclamacións, emendar erros e falta de documentación nun prazo de dez (10) días hábiles contados desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante os respectivos servizos provinciais de deportes. Transcorrido este prazo sen que se emenden as deficiencias, considerarase que o interesado desiste na súa petición logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 42º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2010.

José Ramón Lete Lasa  
Secretario xeral para o Deporte

#### ANEXO I

##### Lista provisional de solicitudes aceptadas

ENTIDADE	CIF
A FERVENZA, F.S.F.	G70131057
A PEROXA CLUB DE FÚTBOL	G32028565
A. D. C. DE FÚTBOL BÓVEDA	G27207919
A.C. ORDENES	G15894272
A.C.D. A SECA	G36043768
A.D. A PONTE COMPETICIÓN	G27403401
A.D. AS LAGOAS	G36449494
A.D. CASTRO SAN MIGUEL	G36657856
A.D. CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	G15361330
A.D. CLUB DO MAR DE CAIÓN	G70213095
A.D. COSTA OESTE-DEPORTE ADAPTADO	G15257645
A.D. FOGAR DA XUVENTUDE	G15160773
A.D. SAN ROQUE-VIVEIRO	G27268671
A.D.A. DE EX-ALCOHÓLICOS	G15116239
A.D. AIXIÑA	G32144669
A.D.C. VALADOURO	G27150077
A.D.C.R. SANTA MARINA	G15099823
A.D.E. ESCOLARIX	G70153580
A.D. MARTÍN CÓDAX	A36607695
A.D.MM. CALASANCIAS DE A CORUÑA	G15108699
A.X.D. VERDUGO	G36347938
ABANQUEIRO, S.D.	G15351471
ACADEMIA SAN MAMED OURENSE TENIS MESA	V32254823
ACR-COMPETICIÓN	G70249206
AD BALONMÁN CARBALLIÑO	G32375230
AD. LAVADORES, C.F.	G36770931
AGRUP. DEPORTIVA COL. SANTIAGO APÓSTOL	G15212335
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZI	G94021326
AGRUPACIÓN DEPORTIVA A ESTRADA	G36045599
AGRUPACIÓN DEPORTIVA A GÁNDARA	G27040989